

Galedusa





colexio de educadoras e
educadores sociais de galicia

Rúa Gómez Ulla 7, 3º
15702 Santiago de Compostela
A Coruña



ceesg@colexioeducadores.com



www.colexioeducadores.com



981 55 22 06



981 93 82 74

sumario 77

*CEESG non se fai responsable,
nin ten por qué identificarse
necesariamente coas opinións expresadas
nesta publicación.*

*Edita: Colexio de Educadoras e Educadores
Sociais de Galicia
Galeduso: ISSN - 1696 - 1730
Depósito Legal: C-594-02*



Galeduso N° 7

Equipo de Elaboración
da Revista
AREA DE COMUNICACIÓN E
XUNTA DE GOBERNO DO CEESG.

Ilustración portada
CALINA LAVANDEIRA

Ilustracións Interior
ÁNXYLA PAZ RODRIGUEZ

Deseño e preimpresión



EDITORIAL	3
INVESTIGACIÓN	4
PRÁCTICA PROFESIONAL	8
O CESG INFORMA	10
DE ACTUALIDADE	14
GUIA BÁSICA WEB II	17
BARCO DE PAPEL	22
BUZÓN OPINABLE	23

O colexio emprende unha nova andadura.

O colexio emprende unha nova andadura.

En maio deste ano que acaba, vimos de renovar a Xunta de Goberno do colexio. Hai moitas caras novas con ganas de traballar pola nosa profesión e aínda quedamos uns cantos dos que vimos medrar a nosa entidade.

Penso que logramos un bo equilibrio entre renovación e permanencia. Ademais, aumentamos o número de persoas en Xunta, pasando de 12 a 14 membros. Todas as mans fan falla. Como nova presidenta, gustaríame agradecerlles a todas e a todos os colexiados a vosa confianza en nós para encabezar este reto durante os próximos 4 anos. A verdade é que a tarefa é grande e será un desafío responder ás expectativas. Certamente, a Xunta anterior e, especialmente, Alberto Fernández de Sanmamed, o noso anterior presidente, deixan o listón ben alto, pero tentaremos, canto menos, igualar os seus esforzos.

Tamén quero agradecerlles a todos os membros da nova Xunta que subisen ao barco. Cónstame o seu bo facer, as súas ganas por mellorar as cousas, a súa ilusión e a súa forza. E despedirme calorosamente daqueles que deixaron o seu cargo, para deixar paso a novas xeracións. Co voso traballo chegamos ata aquí.

Ben, e agora que nos queda? Pois traballar.

A educación social é unha profesión moi rica, cun grande abano de ámbitos de traballo onde somos necesarios, onde temos moito que dicir e moito que achegar. Certo é que non todos aqueles que toman as decisións –políticos, funcionarios, empresarios– o ven igual ca nós, e é preciso petar a mil portas para ir, pasiño a pasiño, conseguindo melloras.

Pero seica din que as cousas boas requiren esforzo e que se fan esperar. Será logo certo. Nós, de todos os xeitos, seguiremos petando cada vez máis forte, aínda que só sexa para que, de tanto oírmos, comecen a escoitarnos.

Como retos inmediatos temos bastantes: a elaboración da Lei de servizos sociais, o Mapa galego de servizos sociais, o Plan de infancia, o Plan de inclusión, as prazas que convoca o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e de Benestar, a incorporación dos educadores e educadoras sociais en centros educativos, a modificación do IV Convenio Único de Persoal Laboral da Xunta de Galicia, o programa Mediagal, o título de grao de educación social... e outros tantos temas que, de tantos, é difícil abarcar todo.

Non nos asusta o traballo. Para iso viñemos aquí, "con montera y capote" como din no toureo.

Pero si somos conscientes de que precisamos de todos vós. O colexio non somos os 14 representantes da Xunta. Sodes vós. As colexiadas e colexiados. Vós sodes o noso motor. Todos aqueles que participades nos grupos de traballo sabédelo. Por iso precisamos sempre a vosa colaboración, traballando para mellorar a profesión. A todos aqueles que esteades dispostos a compartir o noso traballo, dicirvos que existen moitas canles polas que podedes axudar: grupos de traballo, foros, facilitándonos información sobre prazas, etc.

Ademais, podedes participar no órgano que é voso: a Asemblea Xeral, que se convoca anualmente. Alí poderedes vulgar o que facemos e comprobar que a educación social require toda a nosa dedicación.

O reto do cannabis: máis alá da banalización

Amando Vega Fuente
Universidade do País Vasco



A cuestión das drogas preséntase hoxe como un reto para os educadores sociais, como xa se viu no IV Congreso do/a Educador/a Social (2004). Alí formuláronse as dificultades existentes na práctica educativa pola carencia dunha política coherente tanto en prevención como na asistencia, ao mesmo tempo que se resaltou a necesidade da "creación dun discurso propio" ante esta cuestión, razóns que invitan a reflexionar, unha vez máis, sobre os interrogantes que o fenómeno das drogas presenta á práctica da educación social.

O consumo das diferentes drogas non só continúa, senón que se amplía na nosa sociedade, situación que lles presenta non poucos problemas a todos os educadores en exercicio, non só aos que traballan directamente con problemas de drogas. De todas formas, non convén dramatizar nesta cuestión, pois as drogas existiron e seguirán existindo. Estas substancias, por outra parte, non son, en principio, nin boas

nin malas, pois as súas consecuencias negativas dependen do seu mal uso. E é aquí onde os educadores temos moito que dicir, pois son moitas as persoas que non saben manexar estas substancias, por razóns diversas, persoais e sociais, que invitan a unha reflexión profunda para superar tantos tópicos que configuran a cuestión das drogas, como se pode ver no caso do cannabis.

Precisamente sobre esta substancia existe moito debate, con posicións para todos os gustos. Pero tamén existen grupos de traballo e de reflexión que intentan buscar un pouco de coherencia e de claridade ante a situación actual do consumo problemático desta substancia. Nesta liña, o noso grupo de traballo vén traballando dende hai dez anos sobre a cuestión das drogas, entendendo que se trata da droga ilegal máis consumida, pero que, dadas as súas características especiais, xustifica un cambio da política vixente.

O uso e tamén a prohibición do cannabis xustifícase con motivos de saúde, concretamente de saúde pública, formulación que non só ten que ver co benestar das persoas, senón coa saúde do estado, coa súa seguridade e a do pobo. Porén, especialistas en leis, sociólogos, pedagogos, farmacólogos e sanitarios cuestionan a política actual con propostas de alternativas á actual política criminal.

Estes profesionais están preocupados polos usos problemáticos do cannabis, pois os comportamentos compulsivos, repetidos, poden adquirir formas autodestruíntes, problemática que esixe máis investigación. O consumo habitual do cannabis, con frecuencia mesturado con tabaco, pode provocar unha patoloxía respiratoria. Existe risco, por outra parte, de que persoas fráxiles e en idades temperás como a adolescencia, deriven cara a consumos doutras drogas ou que sufran patoloxía dual, asociación de trastornos de personalidade por consumos crónicos desta substancia.

Como resposta, mentres uns gobernos parecen vacilar entre medidas represoras e alternativas á prisión, outros optaron pola redución de riscos asociados co uso de drogas e admiten que o dito uso é inevitable nas actuais sociedades. Á prevención desenvolvida ata agora, máis centrada na información que na atención ás necesidades educativas, non parece que obtivese os resultados desexados, sen que falte quen sosteñen que as propias incoherencias da política vixente contribuíron á difusión do consumo do cannabis.

No encontro celebrado en Oñate o ano 2004 polo noso grupo de traballo, resaltáronse as brechas legais existentes en relación con esta substancia, o que xustifica a necesidade dun debate máis aberto e comprometido cos dereitos das persoas. Neste sentido, pódense recoller aquí algunhas:

- Os delitos de cannabis son delitos sen vítima, onde se persegue máis unha intención que unha acción danina, pois as explicacións médicas, científicas, económicas, sociais ou morais son insuficientes para atender a prohibición.
- O ideario das grandes institucións atopa apoio nalgúns investigadores cuxa función é achegar coartadas para o mantemento ou endurecemento da situación actual, fronte aos novos espazos de tolerancia.
- Só mantendo os prexuízos, o medo e a desinformación se manteñen os fundamentos ideolóxicos da prohibición.
- Á política de redución de danos estase a construír sobre pés de barro, o que pon de manifesto que a solución definitiva pasa pola adopción doutro modelo en materia de drogas, non centrado na represión penal, que poña a énfase na prevención da demanda e na asistencia de usuarios afectados e que impulse as bases para un consumo responsable.

Non ha de estrañar que aumente cada día a oposición á represión prohibicionista a través do asociacionismo, mesmo con plantacións colectivas e sobre todo por medio de campañas a favor do cannabis: campañas polo dereito ao autocultivo, desobediencia activa con iniciativas nos límites da legalidade, organización de grupos de usuarios.

Estamos, pois, ante unha situación chea de incoherencias e contradicións que nada axuda á prevención do seu consumo nin á atención das persoas que teñan problemas con esta substancia, o que pide unha profunda reflexión tamén aos educadores sociais.

Á resposta máis coherente ante esta confusa situación pode ser a normalización legal do cannabis, unha medida racional encamiñada a resolver aqueles problemas que escapan aos estritamente derivados do seu consumo, como son a delincuencia ou a inseguridade cidadá, a adulteración das drogas ilegais co conseguinte aumento de enfermidades e mortes, o seu elevado custo, as connotacións mafiosas do comercio, o desmesurado incremento de efectivos represivos, os cárceres ateigados de toxicómanos, a mitificación destas substancias, etc. Vivimos e viviremos nunha sociedade onde o consumo e o consumismo son piares que a sustenta. Por iso temos que aprender a convivir coas drogas (Grupo de Oñate, 2005).

Esta normalización permitiría tratar sen imposicións nin dramatismo de ningún tipo todo o relacionado coas drogas, nunha busca comprometida da verdade, máis alá dos estereotipos, sen deixar de lado as consecuencias negativas do mal uso das drogas. Este tratamento normalizado das drogas favorecería non só a recuperación dos que teñen problemas por consumo e a súa inserción social, ao non estar marxinado na sociedade, senón tamén a prevención do consumo problemático, a través de accións educativas coherentes coa cuestión das drogas, sempre dentro do respecto aos dereitos humanos das persoas consumidoras e non consumidoras.

As políticas sobre o fenómeno social das drogas baséase actualmente nos convenios internacionais en materia de tráfico ilícito de estupefacientes e substancias psicotrópicas, onde están incluídas substancias que practicamente non crean dependencia (arbusto de coca) e outras que só crean dependencia psíquica (derivados do cannabis), deixando fóra das listas substancias como o alcohol e o tabaco, que si producen dependencia física e psíquica.

Esta absurda división e a conseguinte criminalización de case todo o relacionado coas substancias ilegais supuxo un auténtico fracaso respecto dos seus obxectivos declarados e serviu para a internacionalización do conflito relativo ao fenómeno social das drogas, o cal condicionou e está a condicionar as políticas cri-

minais estatais –en materia deste tipo de substancias–, sen ter en conta a variedade de contextos sociais.

A política normalizadora, en cambio, distingue entre efectos primarios e secundarios das substancias, entendendo como primarios os derivados directamente polo consumo da substancia. Os efectos secundarios son a consecuencia dunha política criminal prohibicionista, que ten unhas consecuencias –tanto para os consumidores coma para a sociedade en xeral– moito máis daniñas que os efectos primarios, como por exemplo adulteración das substancias, branqueo de diñeiro, corrupción, desaxustes ecolóxicos (fumigacións indiscriminadas...), diminución de dereitos e liberdades, etc.

De todos os xeitos, hai que ser conscientes de que non se van rematar todos os problemas derivados deste fenómeno social. O fundamental é cambiar de estratexia para a desaparición dos efectos secundarios: trátase de realizar unha transformación nas bases das políticas respecto do fenómeno social das drogas, para que a política social, educativa e sanitaria primen sobre a política criminal.

A prevención do consumo problemático non pode ser utilizado como caixón de xastre –en nome da prevención xustificase calquera política–, senón que ten que estar en consonancia co respecto aos dereitos e liberdades das persoas. Neste sentido, conscientes da banalización do consumo do cannabis sen nosa sociedade, é necesario poñer en marcha unha acción preventiva do consumo de produtos cannabicos, sobre todo entre a poboación máis nova e en persoas con limitacións e, cando isto non sexa posible, evitar ao máximo as súas consecuencias negativas.

Hai quen pensa que con estas formulacións se promove o consumo desta substancia. Así, un artigo publicado polo CDD (2005) di expresamente que "unha maior dispoñibilidade legal podería supoñer un incremento do consumo, tanto do uso responsable coma do abuso de cannabis". Parécenos un comentario moi contundente ante unha posibilidade, como tal, "posible, pero, tamén se pode afirmar que ninguén sabe con certeza o que traerá consigo a política normalizadora en relación co cannabis. De todos os xeitos, no momento presente, onde segue vixente unha política prohibicionista, chama a atención a facilidade con que se pode conseguir esta droga, como se pode ver en diferentes estudos.

Por outra banda, non faltan políticas contrapostas como son as de EE UU e a de Noruega; a primeira, paradigma de prohibicionismo; a segunda, paradigma de normalización respecto do cannabis. Mentres coa política prohibicionista non desapareceron nin as substancias nin os consumos, cunha política normali-

zadora non sempre aumentaron os consumos. O único que sabemos con certeza é o fracaso continuo e repetido das actuais políticas prohibicionistas.

Neste sentido, ao noso grupo preocúpalle a intención de repetilas unha vez máis, preguntándonos que pasaría se noutras áreas os que teñen a responsabilidade de gobernar repetisen unha e outra vez, mesmo contra toda evidencia científica política, que demostraron repetidamente o seu fracaso. Como nos inquieta a importancia que se lle dá á substancia e ao seu poder fronte á desconfianza sobre a capacidade das persoas para levar unha vida saudable, senón é baixo o control da lei e dos expertos que decidan por nós.

O artigo citado formula, por outra parte, que "moitos consumidores utilizan como criterio de autorregulación do consumo o estatus legal da substancia". A situación legal máis que autorregulador de consumos é un heterorregulador, xa que a lei resulta algo externa ao suxeito. Por outra banda, entendemos que resulta difícil concretar o peso da lei sobre o consumo desta substancia, como se pode ver no artigo de Reinerman (2005) sobre a irrelevancia das formas de regulación do cannabis sobre as pautas de consumo.

Moitos asumimos que gran parte dos perigos do cannabis se derivan do marco legal con relación a este. Así, a prohibición leva implícita unha mensaxe relativa á perigosidade do cannabis, que resulta desproporcionado e incongruente coa experiencia de moitas persoas e a información dispoñible. Prodúcese, en consecuencia, un efecto perverso que resulta contraproducente de cara á prevención. E como os consumidores desconfían da "información oficial" e a rexeitan, tenden a construír e a basear o seu xuízo en mitos da rúa, xeralmente banalizadores do consumo e das súas consecuencias. Esta contradición provoca, por outra parte, que moitos pais e educadores non saiban que dicir ante esta cuestión e que opten polo silencio. O noso grupo aposta por unha situación legal que sexa coherente co saber científico e congruente co estado de dereito, ao mesmo tempo que ten en conta a percepción social relativa ao cannabis. Dende esta formulación, defendemos a necesidade, non só de difundir unha mensaxe que advirta sobre os riscos do consumo sen caer no alarmismo nin na canalización, senón tamén dunha política preventiva e terapéutica acorde coas necesidades da poboación. É o contrario que as políticas prohibicionistas que sentaron as bases para unha desresponsabilización persoal, polas súas incoherencias e falta de respecto ás persoas, deixando indirectamente as portas abertas a usos problemáticos.

As políticas normalizadoras, que entendemos democráticas e respectuosas dos dereitos das persoas, estimulan a responsabilidade persoal, así como o adecuado manexo persoal da substancia, na medida en

que hai máis información e menos dramatismo á hora de tratar as consecuencias negativas do consumo, que non se negan que existan.

Pero esta é unha tarefa que está por desenvolver, de forma especial, para tratar esta cuestión ante os menores, pois dadas as súas características persoais e sociais dispoñen de menos recursos para evitar o consumo problemático, sobre todo tendo en conta a actual banalización do consumo desta substancia.

Interesa, pois, a reflexión e o debate sobre a cuestión do cannabis con posicións abertas á realidade presente e ás achegas da investigación. E para este fin pode servir o Manifesto de Oñate (Grupo de Oñate, 2005), que recolle unha filosofía claramente diferenciada da actual política prohibicionista –e de políticas liberalizadoras neoliberais–, co que entendemos as bases para un debate social. Este manifesto, a partir dos dereitos das persoas, pode ser útil para a construción do "novo discurso" da educación social que mira ao pleno desenvolvemento e ao benestar de todos os individuos.

Cal é a resposta, entón, dende a educación social? É evidente que a educación nada ten que ver coas medidas represivas, por máis que estas aparezan adornadas de formulacións didácticas ou estean apoiadas en formulacións pedagóxicas de última xeración. Todo o que implique represión ou manipulación dos suxeitos de ningún xeito pode ser motor de responsabilidade e de autonomía, metas ás que precisamente pretende chegar a acción educativa. A educación intenta ante todo proporcionarlles ás persoas eses recursos persoais e sociais que lles permitan vivir da forma máis saudable posible; neste caso, ante o fenómeno do cannabis, tarefa na que ha de estar implicada toda a comunidade.

Urxe, neste sentido, reflexionar sobre a cuestión do cannabis, tendo en conta non só os aspectos farmacolóxicos desta substancia, senón tamén os condicionantes sociais, culturais, económicos e políticos, unha cuestión que está sen resolver na sociedade actual. Resulta demasiado cómodo reducir o fenómeno das drogas a unha cuestión policial. Como tamén urxe normalizar, entendido este termo co dicionario da Real Academia na man como: "Regularizar ou poñer en orde o que non o estaba".

Pero tamén convén actuar ante as situacións problemáticas que se poden presentar nos nosos traballos. A acción educadora sempre é posible máis alá da política represiva e da canalización dominante. A educación, precisamente, ha de partir, por principio, das necesidades formuladas polos propios consumidores que, en ocasións, poden ter relación co consumo das substancias, pero que sempre están asociadas a condicionantes persoais e sociais. O problema non é a droga, senón o uso que se faga dela. A educación,

neste sentido, asume que os individuos poidan correr riscos, o que non significa que se lles abandone á súa propia sorte. Ao contrario, os problemas que xorden do consumo é unha chamada de atención para revisar a formación ofertada, ao constatar que o suxeito non dispón deses recursos educativos que lle permitan vivir de forma saudable.

Urxe, neste sentido, perderlle o medo ao cannabis como substancia e preocuparnos máis das necesidades das persoas, condicionadas por factores familiares e sociais, incluíndo aquí os aspectos económicos, culturais e políticos. E confiar nas persoas e na súa capacidade de actuar de forma saudable antes esas substancias que chamamos drogas. Dentro desta perspectiva, trátase de ofertarlles ese conxunto de recursos persoais e sociais que lles permitan actuar de forma saudable e, cando así non sexa, que poidan recorrer aos recursos convenientes para recuperar a súa saúde ou, polo menos, reducir os riscos por consumo inadecuado.

BIBLIOGRAFÍA

- ARANA, X. (2000), *El debate sobre la normalización del fenómeno social de las drogas*.
http://www.gizarte.net/drogodependencias/datos/revista_69.pdf
Decembro 2000
- BARRIUSO, M. (2003), *Drogas ilícitas, vida recreativa y gestión de riesgos*. Vitoria, Gobierno Vasco.
- CDD (2005), *Manifiesto de Oñate: de qué hablamos cuando hablamos de normalización?*, CDD/DDZ N.º 116, marzo, pp. 1-2.
- ELZO, J. E OUTROS (2003), *Drogas y escuela VI: las drogas en los escolares donostiarra, 21 años después*. San Sebastián. EUTS.
- GAMELLA, J. F.; JIMENEZ, M. L. (2003), *El consumo prolongado de cannabis: pautas, tendencias y consecuencias*. Madrid, Junta de Andalucía/Fundación de Ayuda contra la Drogadicción, 2003.
- GRUPO DE OÑATE (2005), *Manifiesto de Oñate. Bases para un consenso social sobre el fenómeno del cannabis, en clave de normalización*. <http://www.sis.net/pdf/CDD/CDD116.pdf>.
- IV CONGRESO ESTATAL DO/A EDUCADOR/A SOCIAL (2004), *Políticas socioeducativas: Retos y propuestas en el siglo XXI*. A Coruña, CESG.
- POO, M., MARKEZ, I., MERINO, C. E ROMERÁ, C. *Cannabis: de la salud y del derecho. Acerca de los usos, normativas, estudios e iniciativas para su normalización*. Observatorio Vasco de Drogodependencias. Outubro 2002.
- REINARMAN, C. E OUTROS (2005), *La irrelevancia de las formas de regulación del cannabis sobre las pautas de consumo*. CDD 116.
- VEGÁ, A. (2005), "Cannabis en las escuelas: recursos para la acción educativa". *Revista Española de Drogodependencias*. 30 (1-2), 2005, pp. 159-189.
- VEGA, A. E OUTROS (2002), *Drogas: ¿qué política para qué prevención?* San Sebastián, Gakoa.

PROXECTO CREA obradoiros creativos e culturais para reclusos



Dado que un dos obxectivos básicos das penas privativas de liberdade son a reeducación e a reinserción social, o acceso á formación básica e á cultura e o desenvolvemento integral da personalidade dos reclusos considéranse elementos esenciais sobre os que estruturar o proceso de reintegración social.

A cultura e as actividades socioculturais enriquecen as persoas, melloran a comunicación interpersonal e fortalecen notablemente o intelecto.

A privación de liberdade é a pena que deben pagar as persoas que cometen un delito, pero se temos en conta que o fin último é a reinserción destas persoas na sociedade, debemos ter presente que o castigo por si mesmo non ten un efecto positivo, xa que os centros penais pódense converter en lugares xeradores de mais delincuencia e, en moitos casos, alimentar o rancor dos reclusos. Afortunadamente, países coma España contan cunha lexislación penal que aposta firmemente pola reeducación, a reinserción social e o uso de tratamentos terapéuticos que lles axuden aos reclusos a mellorar as súas condicións de vida dentro do propio centro penal e despois da súa saída deste.

Pero tamén é fundamental o traballo das ONG e asociacións que desinteresadamente prestamos servizos de apoio ao sistema, xa que este non conta en moitas ocasións con medios suficientes para atender toda a poboación carceraria ou ben non pode levar a cabo todas aquelas intervencións que facemos as entidades sen ánimo de lucro.

O recluso é unha persoa que ten unha problemática moi determinada, atópase psicolóxicamente afectado, probablemente polo delito

cometido e, por suposto, por verse sometido á privación de liberdade; ademais nos centros penais, aínda que poden facer distintos tipos de actividades que a propia Dirección Xeral de Institucións Penitenciarias organiza (cursos de formación ocupacional, escolas de adultos, UNED, actuacións terapéuticas, etc.), dispoñen de moito tempo libre, tempo que dedicarían a actividades pouco saudables, de non ser pola oferta de accións levadas a cabo por entidades como a nosa.

CIMO aposta firmemente pola reinserción social dos reclusos, xa que non debemos esquecer que son persoas que, por determinadas circunstancias, cometeron un delito e se ven privadas de liberdade. Por iso pensamos que, en moitos casos, é unha oportunidade para retomar a súa vida e dar un cambio.

A nosa entidade leva oito anos colaborando co Centro Penal de Pereiro de Aguiar. Nun inicio, con accións puntuais relacionadas directamente coa inserción laboral de reclusos sen situación de terceiro grao e, dende o ano 2003, compaxinamos esas actividades cunha nova acción enfocada principalmente á reinserción social de reclusos que se atopan no módulo da comunidade terapéutica intercomunitaria (módulo libre de drogas).

Esta actividade denomínase proxecto CREA, xa que cando deu comezo tratábase de varios obradoiros artístico-creativos.

Con este proxecto, perseguimos uns obxectivos claros:

Obxectivos xerais

- Canalizar a creatividade
- Fomentar a participación e as relacións interpersoais
- Potenciar a cultura entre colectivos desfavorecidos
- Proporcionar coñecementos que favorecerán a reinserción social

A continuación, detallamos o programa que iniciamos en novembro de 2003:

O proxecto CREA consiste na organización de obradoiros de actividades culturais que lles axuden a fomentar as relacións interpersoais, a coñecer fórmulas para canalizar a creatividade e a enriquecerse como persoas.

- **Escritura creativa**
- **Animación á lectura**
- **Apreciación musical**
- **Apreciación artística "Como ver un cadro"**

A través de xogos e actividades diversas, os participantes adquiren coñecementos sobre técnicas de escritura, escritores galegos e a súa obra e tamén sobre escritores de recoñecido nome nacional e internacional; aprenden os distintos estilos musicais, prestando especial atención á música clásica e popular e conseguen diferenciar os distintos estilos pictóricos e recoñecer e diferenciar os pintores máis importantes da historia.

A día de hoxe, a oferta de actividades é máis variada, xa que estamos levando a cabo un **obradoiro de cine**, co obxecto de filmar unha curtametraxe; este obradoiro está na fase de formación dos participantes que consiste en cursiños específicos sobre as distintas áreas de traballo necesarias para levar a cabo a gravación. Destacamos o obradoiro de interpretación, o de guión e dirección e o técnico.

Outras actividades que se ofertan, e que nada teñen que ver coa cultura, son os obradoiros sociais que consisten en charlas e debates sobre **alimentación e consumo, protocolo** e outras cuestións que consideramos que poden resultar de grande axuda na reinserción social dos reclusos.

Con respecto ao obradoiro de escritura, contempla diversas actividades e xogos que axudan a favorecer a creatividade dos asistentes, pero tamén a abrirse ao exterior, contando como se senten a través de poemas ou relatos. Neste momento, atópanse preparando un recital de poemas escritos por eles mesmos e unha orixinal exposición deses poemas.

Antes fixemos unha relación dos obxectivos xerais, pero agora que xa expuxemos os obra-

doiros podemos explicar os obxectivos que se perseguen con cada un deles:

Obradoiro de escritura creativa

- Adquirir coñecementos sobre as distintas técnicas da escritura
- Gozar da escritura como forma de expresión artística
- Desenvolver aptitudes autocríticas
- Participar en concursos literarios

Obradoiro de lectura

- Adquirir vocabulario
- Coñecer estilos literarios e diferenciarlos
- Aprender técnicas de debate
- Fomentar o interese pola lectura

Obradoiro de música

- Canalizar sensacións a través da música
- Coñecer e diferenciar distintos estilos musicais

Obradoiro de pintura

- Coñecer diferentes estilos
- Adquirir destrezas para analizar un cadro

Obradoiro de cine

- Adquirir coñecementos técnicos (cámara, son, etc.)
- Fomentar o traballo en equipo
- Fomentar a capacidade de organización

Obradoiros sociais

- Adquisición de coñecementos sobre temas como alimentación saudable
- Favorecer o debate sobre temas de actualidade
- Aprender a expresarse correctamente, tanto oralmente coma por escrito
- Formar en materias diversas que fomenten a autoconfianza

Este traballo lévao a cabo un equipo multidisciplinar composto por educadores sociais, unha socióloga e voluntarios que participan desinteresadamente para facer realidade este proxecto.

CREA ten a peculiaridade de que as persoas que forman o equipo de traballo (profesionais, voluntarios, estudantes en prácticas, etc.) teñen a posibilidade de propoñer actividades para desenvolver e, sempre que as accións propostas, tras ser analizadas por CIMO e o centro penal, encaixen no proxecto e axuden a conseguir o cumprimento dos obxectivos mínimos deste, poderán levarse a cabo.

A participación no proxecto CREA está aberta a educadores sociais interesados en traballar con este colectivo tan específico e, por suposto, a todas aquelas persoas que pola súa experiencia ou coñecementos se implique na consecución dos obxectivos perseguidos.



A forza do traballo conxunto

Alberto Fernández de Sanmamed Santos
Presidente do CGCEES




A consecución do Consello Xeral de Colexios de Educadoras e Educadores Sociais (CGCEES) supón un importante logro na nosa organización profesional. Despois da creación dos colexios autonómicos, facíase moi necesario que o órgano de representación no ámbito estatal e internacional fose tamén un organismo de dereito público que tivese unha voz forte cara a defender a nosa profesión e, con ela, as persoas e os colectivos cos que traballamos.

Neste artigo intentarei dar unha visión de conxunto da evolución do proceso de creación ata hoxe, tamén intentarei deixar esbozado os retos aos que nos enfrentamos como consello.

Botando unha ollada atrás, observamos que a consecución de colexios significou un incremento da participación dos educadores e das educadoras nas nosas entidades representativas. No seguinte cadro, podemos ver os datos que o corroboran.

	Situación 1997	Situación 2001	Situación 2004	Situación 2007	Incremento %
Andalucía	160	270	250	605	278,13
Aragón	60	240	260	225	275
Asturias		55	59	36	100,00
Baleares	100	102	115	435	335,00
Canarias				78	100,00
Castela e León	80	120	118	513	541,25
Castela - A Mancha		72	219	390	100,00
Cataluña	632	4.300	4.883	4.344	587,34
Euskadi	228	233	301	519	127,63
Extremadura		90	60	150	100,00
Galicia	300	374	929	1.091	263,67
A Rioxa				14	100,00
Madrid		280	200	215	100,00
Murcia	140	142	135	848	505,71
Navarra	80	70		83	3,75
Valencia	150	201	337	1.205	703,33
TOTAIS	1.930	6.549	7.866	10.751	457

Evolución 1996-2007



Un longo camiño percorrido dende aquelas primeiras reunións dun pequeno grupo de profesionais, sen unha denominación definida, pero que xa tiñamos claro que o que faciamos era unha tarefa diferente e considerabamos que a nosa profesión achegaba algo distinto ás existentes. Era necesaria para a sociedade.

Estes primeiros representantes de moi diversos tipos de organizacións territoriais (a nivel de representa-

ción, estado de organización...) estaban dispostos e sentían a necesidade de colaborar e de compartir, de aprender uns xunto a outros, de construír dende o respecto aos procesos e á organización propios de cada territorio.

Froito destes anhelos nace a nosa primeira entidade de ámbito estatal, a Federación Estatal de

Asociacións Profesionais de Educación Social (FEAPES). O seu nome xa nos indica a intención do órgano, constituírmolos como unha federación de diferentes asociacións profesionais.

A implicación dos profesionais galegos a este proceso é clara dende o principio. Un dato significativo é que FEAPES, na súa última Xunta de Goberno, estivo presidida por un compañeiro da Asociación de Galicia, Federico Armenteros.

Dende FEAPES decidíase dotarnos de órganos máis fortes, de máis poder decisorio e representativo e por normalizar a situación profesional do sector. Apostamos decididamente polos colexios profesionais autonómicos. Nace así o Colexio Catalán, o primeiro deles.

A creación deste colexio non supuxo un freo ao resto do asociacionismo estatal, senón todo o contrario, serve de acicate e impulso. Aproveitar a experiencia, para que cada un, dende a súa diferente realidade, constrúa o seu propio proceso, sen exclusións. Creouse unha Comisión Mixta entre FEAPES e o colexio que estableceu a famosa estratexia do "efecto dominó"; é dicir, o apoio duns faría chegar a reacción doutros.

A coexistencia de colexios e asociacións levounos á necesidade de substituír FEAPES por ASEDES; en definitiva, unha entidade que puidese acoller dende o colexio con máis implantación ata a asociación máis pequena.

Xorde entón o noso colexio, o segundo do Estado que, xunto co resto de territorios, continúa traballando coa mesma filosofía, o apoio duns a outros e o respecto a cada proceso, co fin de que a nosa profesión sexa un espazo aberto ás diferentes sensibilidades.

A nova situación, coa aparición de máis colexios autonómicos –Balears, Murcia...– levou consigo que a asociación estatal sentise a necesidade de dotarnos doutro organismo estatal. Do mesmo xeito que se pasou de asociacións a colexios autonómicos, considerouse máis operativo e útil transformar a asociación estatal nun órgano colexiado.

É así como no ano 2004 se crea unha comisión en ASEDES, co encargo específico de lograr o Consello Xeral de Colexios de Educadoras e Educadores Sociais. O labor da dita comisión centrouse, por un lado, no traballo interno de preparación, do xeito de realización do traspaso asegurando a participación de todos os colexios e asociacións e a preparación dos documentos necesarios e, por outra banda, no traballo co exterior; é dicir, as actuacións coa Administración, para dar os pasos legislativos necesarios, co fin de acadar o dito organismo.

Cremos que as tarefas internas foron frutíferas e permitiron que a posta en marcha do Consello, así como que os traspasos que estamos realizando nestes momentos, contasen cun altísimo grao de consenso e implicación por parte de todos os territorios. Cada documento proposto foi debatido e, o que é máis importante, ratificado por todos, colexios e asociacións.

En canto ao traballo externo, o tema foi moito máis difícil. Dende uns primeiros tempos en que ningún ministerio asumía ser o que nos correspondía como profesión, ata que o actual Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais acepta o encargo e lles presenta ás Cortes a proposta da nosa lei.

De novo, o consenso e a colaboración foron claves. En pouco tempo, todos os grupos parlamentarios do Congreso e do Senado aprobaron a lei por unanimidade e sen emendas, feito que, como os propios parlamentarios recoñeceron nas súas intervencións, foi un evento histórico.

A lei publícase o día 27 de decembro do 2006, no BOE núm. 309. A partir dese momento, o Consello pode comezar a súa andaina en paralelo á asociación estatal.

En febreiro do presente ano, constitúese en Lugo a Comisión Xestora que elabora a proposta de estatutos provisionais, remitidos ao ministerio e publicados no BOE do 23 de maio do 2007, despois das correspondentes negociacións. É de subliñar que os compañeiros do Estado elixisen Galicia para facer o primeiro acto do CGCEES, nós entendémolo como un recoñecemento ao esforzo que o noso colexio fixo no ámbito estatal.

Se estes pasos nos levaron a acadar esta forma de organización, cremos que lle fariamos pequeno favor á profesión se se convertese tan só nun órgano xestor que, caendo na burocracia, quedase na simple xestión das relacións administrativas entre os colexios e



na exclusiva defensa de aspectos profesionais no ámbito estatal e internacional.

Como educadores e educadoras sociais e sen sacarlle importancia a todo o anterior, cremos imprescindible que os nosos órganos de representación sexan diferentes e realmente útiles para os colexios e, polo tanto, para os profesionais e, a través deles, para as persoas e colectivos cos que traballamos.

Por todo iso, dende o comezo do proceso, estamos a debater que tipo de Consello queremos e necesitamos. É preciso establecer este diálogo dado o carácter da nosa profesión, aínda que implique unha forma de traballar complexa, pero sen dúbida máis eficaz.

Os primeiros documentos elaborados en ASEDES e referidos ao Consello xa establecían as primeiras pautas de funcionamento. Sinalaban, tentando explicitamente facer o traspaso da forma máis participativa e solidaria posible, os seguintes principios:

Corresponsabilidade e cooperación:

Baseábase este principio na necesidade de que o futuro, xa presente, Consello, traballase a favor da cooperación coordinada das diferentes actuacións dos colexios autonómicos. Establecía, pois, o apoio entre os diferentes colexios e a corresponsabilidade destes no proxecto de construción e desenvolvemento da profesión.

Definición de ámbitos:

Determinaba que o Consello debería atender os ámbitos estatais e internacionais, sendo os de ámbito autonómico propios dos colexios de cada territorio. Interviría nos aspectos que afectasen a toda a profesión (definición, competencias, código deontolóxico, estatuto profesional...), tendo en conta as diferentes realidades e necesidades autonómicas.

Independencia e coordinación:

Fixabamos a necesidade de que o Consello respectase a independencia das actuacións autonómicas, sabedores de que as entidades autonómicas deben apoiar o Consello na consecución dos seus obxectivos. Partindo desta independencia, o Consello debe xogar un papel coordinador entre os diferentes colexios.

Establecidos estes primeiros principios que hoxe estamos a debater e a reformular, o CGCEES continúa a súa andaina. En Valencia, o 26 de maio do 2007, en asemblea conxunta con ASEDES, apróbase o primeiro plan de traballo do CGCEES e destacan como retos inmediatos fundamentais:

Elaboración dos estatutos xerais

- Traspaso das funcións e responsabilidades entre

ASEDES e CGCEES.

- Establecemento da estrutura e forma de traballo interna.
- Difusión pública do CGCEES.

En xuño, en San Sebastián, elixese a primeira Xunta de Goberno. Unha vez máis, os representantes de todos os colexios do Estado teñen a ben elixir o representante do Colexio de Galicia para asumir a presidencia do CGCEES. Unha honra da que esperamos estar á altura e na que pretendemos deixar os nosos mellores esforzos, na seguridade de que os avances profesionais que academos no eido estatal e internacional repercutirán directamente nos educadores e nas educadoras sociais de Galicia.

Neste momento ilusionante, de construción, que pecha a nosa organización profesional, dótanosos dos instrumentos necesarios para ser unha profesión útil na sociedade actual.

Moitas son as tarefas inmediatas que nos agardan, elaborar os estatutos definitivos, os estatutos xerais dos colexios e facer un traspaso tranquilo das funcións que ata este momento viña realizando a asociación estatal. Estas actuacións culminarán coa Asemblea, que determinará a nova organización e a disolución de ASEDES que, unha vez rematado o seu gran traballo, se transforma nunha organización máis forte e máis potente.

Esta transformación debe ir acompañada pola sinatura de convenios coas asociacións de educadores e educadoras dos territorios que aínda non teñan colexios autonómicos. Os convenios asegurarán a participación de todos e todas nas actuacións no ámbito estatal e internacional.

Temos pois ante nós un ilusionante reto e de nós depende en gran parte como sexa o futuro profesional.

Tócanos decidir o papel que debemos xogar nas políticas sociais de ámbito estatal dos próximos anos. Deberemos negociar cos ministerios cara a normalizar a nosa situación profesional a través das regulacións pertinentes. Teremos que fixar o noso rol no asociacionismo internacional. Pero, sobre todo, o esencial é lograr que, a través dos colexios e entidades autonómicas, a nosa profesión sexa cada día máis útil e, por tanto, máis coñecida e recoñecida.

Só así terá sentido a defensa da nosa profesión, estando cada vez máis cohesionados e mellor preparados e, por tanto, sendo cada vez máis socialmente necesarios. Para iso, debe traballar decididamente o CGCEES coa participación decisiva do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.

A educación social no Espazo Europeo de Educación Superior: un chamamento ao diálogo



Pablo Montero Souto - Vogal do Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia

A Declaración de Boloña, adoptada no ano 1999, asenta as bases para definir o nacente Espazo Europeo de Educación Posterior (EEES). De aí que a reforma universitaria sexa comunmente coñecida como "a reforma de Boloña"; se ben son cada vez máis os alcumes que a retratan como "unha reforma á boloñesa". Retrancas á parte, a contraposición é apropiada para reflectir as diverxencias que se constatan, na tentativa de acadar un acordo básico sobre os fundamentos dunha reforma que sexa posible e, ao tempo, desexable. De feito, non poden ignorarse os desconcertos que se produciron en diferentes estamentos académicos e sociais, froito das actuacións un tanto erráticas que, con maior ou menor fortuna, titubearon entre avances, paralizacións e retrocesos. Motivos sobrados para que o profesor Bolívar, no marco do XI Encontro da Federación Icaria, estimase que:

a reforma en curso ameaza con limitarse a unha reforma estrutural máis, sen chegar a mellorar os modos de ensinar e de aprender. O asunto, en último extremo, é o de incidir na 'gramática básica' do ensino universitario, para que non quede tan só nun 'reformateo' dos títulos e das disciplinas. Os cambios na 'cultura' acostuman a requirir, para non ser prédicas retóricas, cambios organizativos que supoñan outras formas de facer, tanto de profesorado coma de alumnado.

No decurso deste proceso, entre as moitas instancias ministeriais, académicas e científicas que se pronunciaron ao respecto, os sectores sindicais e os colexios profesionais, así como as partes contratantes, teñen a responsabilidade de facer valer a súa disposición para promover o necesario achegamento entre universidade e sociedade. Cando menos, así se concibe no artigo 7 da Declaración Mundial sobre Educación Superior no Século XXI, ao nomear a necesidade de "reforzar a cooperación co mundo do traballo e a análise e previsión das necesidades da sociedade".

As educadoras e os educadores sociais, así como as súas asociacións e os seus colexios profesionais, non poden permanecer á marxe dos retos asociados á reforma da educación superior no espazo europeo. Entre outros motivos, porque se trata dunha excelente oportunidade para promover o reencontro coa propia profesión. Moi especialmente, en tanto que se dan as

condicións idóneas para instaurar un diálogo, de igual a igual, entre a praxe profesional e a súa concepción científica e disciplinar, no marco do saber e do facer educativo-social. Isto é, posibilitar a creación de condicións para que "teóricos" e "prácticos" –se é que se pode falar nestes termos– poidan recoñecerse como interlocutores do debate, lexitimados ambos os dous polo seu innegable compromiso de actuar en beneficio da profesión, dos seus soportes científicos e dos seus alcances sociais. Todo iso por canto resulta necesario promover un quefacer educativo-social axustado ás demandas da sociedade, capaz de satisfacer as necesidades propias do mundo que habitamos, proxectando os seus logros na consecución do que demos en chamar educación social.

En último termo, están en xogo cuestións que foron desigualmente resoltas polas propias institucións que regulan o acceso formal á profesión. É dicir, o traxecto que comprende dende o inicio do percorrido formativo, realizado nas institucións universitarias que habilitan para o exercicio profesional, ata a inserción laboral no mercado de emprego. Mentres, os colexios profesionais, como principais instancias aludidas para a "mediación" de todo tipo de transicións entre ambas as esferas da formación e do traballo, articulan os procesos de pasaxe dende a formación ao desempeño profesional, estreitando as vías de colaboración existentes coas administracións públicas (sobre todo, autonómicas e locais) e os axentes sociais (organizacións, fundacións, etc.), potencialmente xeradoras de ocupación. Por iso, todo apunta a que unha mellora nas condicións de empregabilidade dos titulados universitarios, ante todo, require a concertación dun modelo de acceso á profesión capaz de satisfacer tanto o desafío científico da sociedade do coñecemento, como a súa demanda de profesionais cualificados e competentes.

A incorporación da profesión ao debate en curso

Respecto destas preocupacións, situáronse xa –dende diversas perspectivas– distintos sectores de gran relevancia na configuración da profesión. Así, a Sociedade Iberoamericana de Pedagogía Social dedica o monográfico número 14 da súa renovada *Revista Interuniversitaria* ás implicacións entre pedagogía social e converxencia europea. Pola súa banda, a IV

Conferencia de Decanos e Directores de Centros con títulos de Mestre e de Educación, celebrada en xuño de 2006, ocupou a súa xornada de debate en "promover a reflexión e o debate arredor do título de grao en educación social", así como en "propoñer e articular liñas de actuación orientadas cara ao deseño da formación curricular (teórica e práctica) dos futuros graduados en educación social que lles sirvan de soporte ás actuacións que conduzan á implantación e ao desenvolvemento desta titulación e dos seus posgraus nas distintas universidades". Ademais, non pode eludirse aquí a mención ao *Libro branco dos títulos de grao en pedagogía e educación social*, promovido pola Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación (ANECA), que foi elevado ante o Consello de Coordinación Universitaria e o Ministerio de Educación e Ciencia, con carácter non vinculante, para a súa información e consideración. Neste último caso, destacou especialmente por tratarse dun documento nacido do diálogo entre profesorado universitario da titulación de educación social e representantes de asociacións e colexios profesionais (máis concretamente, en nome da educación/pedagogía social, o CEESC, o ASEDES e o SIPS).

Aínda sen menoscabo de ampliar o percorrido destes debates, cabe recoñecer que os labores precedentes avanzaron –e moito– no estudo de temáticas e problemáticas tan diversas como: as actuais e futuras saídas profesionais da educación social e doutros títulos relacionados coa educación, os seus ámbitos de actuación preferente na Europa comunitaria, a organización e xestión dos plans de estudo conducentes á obtención da titulación, as principais tendencias dos seus perfís profesionais e das competencias asociadas a cada unha das figuras, etc. Así pois, non pode nin debe obviarse o considerable volume de contribucións realizadas ao debate da reforma e por iso non deixemos de considerar moi seriamente o sinalado polo profesor Caride, no seu relatorio sobre o "Grao en educación social":

cabe estimar que no Libro branco se proxectasen avances significativos no coñecemento e futuro deseño de ambas as titulacións, sen que por iso debamos amosarnos indiferentes e ata preocupados polo que aínda poderán dar de si as presións corporativas, os intereses académicos e profesionais, as inconsistencias epistemolóxicas e científicas, as distribucións territoriais e institucionais etc., que se ocultan tras este consenso.

Non en van, o novo título de grao haberá de ter en consideración o papel que lles corresponde aos colexios profesionais na consolidación da educación social, pois cómpre que se recoñezan tanto as causas que orixinaron a aparición da profesión e a súa posterior evolución, como a aparición de estruturas asociativas e profesionais que contribuíron á actual definición dos seus ámbitos e códigos de actuación. No entanto, o paso do tempo na profesión amosou que as interven-

cións socio-educativas, inicialmente voluntariosas e intuitivas, foron progresivamente transformándose en actuacións cada vez máis sistematizadas e fundamentadas, tanto a nivel científico coma técnico. De feito, como expresaba o profesor Martí March, no I Congreso Estatal de Educadoras e Educadores Sociais, a creación da diplomatura supuxo non soamente o recoñecemento dunha historia, dunha realidade e dunha profesión, senón tamén a posibilidade de construír esa profesión dun modo máis vivo, dinámico e permanente. Por iso, agora, a ocasión da actual reforma en curso merece non ser desaproveitada para afrontar os non poucos desafíos existentes, relanzando os compromisos da profesión coa mellora da calidade de vida das persoas e o benestar social das comunidades. E iso porque se abre a posibilidade de concertarmos a definición dun marco que atenda en maior medida as realidades sociais da propia profesión, contribuíndo a mellorar a súa inscrición nos cadros laborais, institucionais, administrativos etc., pero tamén políticos, sociais, culturais, etc.

En definitiva, trátase de conxeniar o labor das universidades e a súa responsabilidade na formación dos futuros profesionais, co ineludible protagonismo dos distintos profesionais na ampliación dos seus propios horizontes, por medio de canles amplamente diversificadas, entre as que destacan moi decisivamente as súas propias organizacións asociativo-colexiais. De feito, a contribución destas resultará decisiva na consecución dunha universidade que forme "excelentes profesionais e comprometidos cidadás" e que cumpra así o seu cometido de "colocar no primeiro plano das preocupacións dos seus estudantes a perspectiva dunha educación ao longo da vida, co fin de que poidan integrarse plenamente na sociedade mundial do coñecemento do vindeiro século" (Conferencia Mundial sobre a Educación Superior, Unesco, 1998).

Unha axenda de cuestións para considerar

Deste modo, vimos sinalar que, ademais de académicos, universitarios e estudantes, os profesionais da educación social están concernidos pola reforma deste título no seo do Espazo Europeo de Educación Posterior. Á fin e ao cabo, a da universidade é unha realidade única para formar e formarse na profesión; pero, con todo, non é a única. Afortunadamente, cabe admitir a existencia doutras instancias nas que se realiza a construción disciplinar da educación social. Así, é de valorar a decisiva contribución das asociacións e dos colexios profesionais á formación de "comunidades de aprendizaxe profesional", distinguidas por traballar en rede e de maneira colaborativa, afañándose na formación permanente e utilizando a evidencia científica para sustentar a mellora das súas actuacións. O que supón, entre outras cousas, "redefinir" o exercicio profesional en termos colectivos, na dirección dunha profesionalidade ampliada e compartida. E é este, entre outros posibles, o principal dos significados que lle atribuímos á construción dunha educación social que se desenvolva dun modo colexiado,

De Actualidade

acorde coa lóxica organizativa das profesións que se estiman dignas de recoñecemento social.

No marco destas "comunidades de aprendizaxe profesional", cabe concretar aquí as principais liñas de traballo nas que o sector profesional deberá achegar o seu amplo saber sobre o estado da formación na educación social, sobre as realidades do seu exercicio profesional e sobre as relacións entre formación e profesión. Por iso, e aínda que sen ánimo de esgotar outras opcións, obsérvanse –cando menos– cinco grandes aspectos:

- En primeiro lugar, ha de esclarecerse unha definición interdisciplinaria da profesión, que permita combater, ata onde sexa posible, a) a conculcación do dereito que os seus profesionais teñen a estar presentes naqueles ámbitos de actuación que lles son propios (intrusismo); b) a tentación de dimitir do labor social de educar en detrimento de posturas asistenciais e benéficas, sen por iso desmerecer o valor das súas realizacións (transfuguismo) e c) a erradicación das malas praxes que vulneran o código deontolóxico acordado no seo da propia profesión (corruptismo).
- En segundo lugar, han de atenuarse as clásicas tensións entre unha "formación academicista" de corte polivalente, fronte a unha "acción profesionalizadora" de natureza especializada; con desaxustes entre os seus contidos teóricos e prácticos, así como entre os fundamentantes e os especializados; e aínda coa rémora das tradicións máis apegadas a unha pedagogía escolocéntrica. Neste sentido, as propostas académicas que figuren nos futuros plans de estudo han de ser contrastados, co fin de estimar a súa incidencia no desenvolvemento do quefacer profesional.
- En terceiro lugar, han de ser superadas as limitacións que aínda presenta a realización do *practicum*, moi particularmente, mediante a articulación dun proceso de profesionalización progresiva que implique unha toma de contacto cada vez máis intensiva coa realidade socio-profesional e que veña sendo mediada polas instancias colexiadas creadas para o efecto. Aquí, o recoñecemento do labor tutorial-docente realizado polos profesionais en exercicio deberá revertir nunha especial consideración das universidades cara ao apoio daquelas iniciativas que se promovan, con miras a formar e a formarse para un mellor desempeño das responsabilidades contraídas coas futuras xeracións de educadoras e educadores sociais.
- En cuarto lugar, cómpre que universidades e colexios profesionais colaboren intensamente para informar a sociedade dos logros alcanzados por unha educa-

ción social que contribúe a facer efectivos os dereitos e os deberes de cidadanía. E iso, co obxecto de elevar o recoñecemento e a valoración social da titulación e da propia profesión, principalmente, naqueles escenarios sociolaborais chamados a soportar boa parte do exercicio profesional das educadoras e dos educadores sociais.

- En quinto lugar, faise necesario elevar a vinculación dos estudantes e futuros profesionais a aquelas organizacións, entidades, institucións, administracións, etc. que contribúen ao desenvolvemento socio-profesional dunha educación social con valor de seu. Para tal fin, as universidades han de acoller nas súas institucións todo tipo de representantes da profesión que poidan favorecer nos estudantes a apropiación dunha identidade profesional e dunha cultura de profesión.

En última instancia, ante o Espazo Europeo de Educación Posterior, todos os colectivos profesionais teñen o desafío de transitar "dende a súa propia idea da profesión cara a unha profesión de ideas", capaz de refacerse con imaxinación e creatividade. E neste labor, como di o profesor Fernández Enguita, "a profesión e os seus profesionais poden elixir entre ser parte do problema, parte da solución ou parte da paisaxe".



Para saber máis...

Declaración Mundial sobre Educación Superior no Século XXI

http://www.unesco.org/education/educprog/wche/declaration_spa.htm

Espazo europeo de educación superior (EEES)

<http://www.mec.es/universidades/eees/>

Libro branco do título de grao en pedagogía e educación social

<http://www.aneca.es/>

Conferencia de Decanos e Directores de Centros con títulos de Mestre e de Educación

<http://www.uned.es/decanoseducacion/>

GUIA BÁSICA DE RECURSOS EDUCATIVOS NA WEB II

M^a José Fernández Barreiro

INTRODUCCIÓN

As educadoras e educadores sociais somos profesionais que realizamos unha constante análise e reciclaxe das nosas intervencións.

A procura de nova realidade, novas e mellores formas de intervir é unha das nosas máximas. Recollemos datos da nosa práctica cotiá, da súa análise, de bibliografía especializada, de xornadas formativas, do intercambio de experiencias... Internet é un recurso máis e animámosvos a que o incorporedes á vosa vida cotiá.

Na rede podeades atopar moita información de calidade e proxectos socioeducativos moi interesantes. Neste artigo queremos dar continuidade a un anteriormente publicado en *Galeduso*, onde recolliamos algunhas das webs máis interesantes sobre recursos educativos a nivel xeral.

Nesta nova entrega, desexamos facilitarvos enlaces especializados en diversas áreas de actuación propias da educación social. Esperamos que vos resulte de utilidade.

Colexio de Educadoras e Educadores Sociais de Galicia.

ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL



Dinámicas de grupos.

Guía con máis de 1.000 dinámicas de diversa índole para traballar con mozos e non tan mozos.

<http://victorian.fortunecity.com/operatic/88/>

RedCreación

Portal de animación sociocultural de Latinoamérica.

<http://www.redcreacion.org>



Blog de animación sociocultural.

Blog creado pola Coordinadora Nacional de TASOC e TSIS, para falar sobre a animación sociocultural e a integración social.

<http://ascprofesional.blogspot.com/>

INFANCIA E XUVENTUDE

Internenes.

Páxina dedicada aos máis novos. Nocións de psicoloxía básica, foros de discusión para pais e educadores, poemas, contos, descarga de xogos...

<http://www.internenes.com>



Chicos.net.

Portal destinado a rapaces de primaria e secundaria.

<http://www.chicos.net>

Pequenet.

Páxina dedicada a nenos de 3 a 12 anos. Xogos en liña, contos, poesías, concursos, cancións...

<http://www.pequenet.com>



Xogos en liña e programas educativos.

Páxina que conta cun repositorio de xogos en liña e aplicacións educativas.

<http://www.indicedepaginas.com>



Xogos matemáticos e de lingua.

Xogos educativos sobre matemáticas e lingua, útiles para o traballo con menores.

<http://www.pequelandia.es>

EDUCACIÓN DE ADULTOS

Red Iris.

Foro de educación de adultos.

<http://rediris.es/list/info/eduadultos.es.html>



Circulum.

Páxina dedicada ao desenvolvemento de proxectos educativos e á formación de adultos.

<http://www.circulum.org>

Federación Española de Universidades Populares.

Federación constituída por máis de 200 universidades populares que ten como obxectivo o intercambio de experiencias, a reflexión e a produción teórica.

<http://personal5.iddeo.es/feup>





Asociación Nacional de Centros de Enseñanza a Distancia.

Na súa web podemos atopar información sobre centros dedicados á ensinanza a distancia, proxectos da asociación, lexislación, publicacións, etc.
<http://www.anced.es>

Oficina Técnica de Seguimento da Formación Continua na Administración Local.

É unha iniciativa da Federación Española de Municipios e Provincias que se encarga da adxudicación de axudas para formación continua, elaboración de criterios de calidade, seguimento dos plans de formación, etc. A súa web facilita información sobre recursos, convocatorias, lexislación, etc.
www.ucm.es/info/ites



PERSOAS MAIORES



Proxecto software sénior.

O proxecto está dirixido a facilitar o acceso aos recursos máis axeitados para a accesibilidade informática das persoas maiores con algún tipo de discapacidade física e sensorial (dificultades visuais, motoras e auditivas).
<http://softsenior.cesga.es>

Ceoma.

Confederación Española de Organizacións de Madores. Resultan de interese as actividades e os proxectos que organizan (Premio Madores en Acción, concursos, alfabetización dixital, etc.).
<http://www.ceoma.org>



Inforesidencias.

Información sobre residencias para persoas maiores, noticias e outros temas de interese para este colectivo de poboación.
<http://www.inforesidencias.com>

INCLUSIÓN SOCIAL E MULTICULTURALIDADE

Os dereitos humanos das minorías étnicas.

Movemento dos Pobos para a Educación dos Dereitos Humanos.
<http://www.pdhre.org/rights/ethnicity-sp.html>



Declaración sobre os dereitos das persoas pertencentes a minorías nacionais ou étnicas, relixiosas e lingüísticas.

http://www.unhchr.ch/spanish/html/menu3/b/d_minori_sp.htm

Punto Omega.

Ong non lucrativa de asistencia ao drogodependente e prevención da exclusión social. Traballo con menores en dificultade social, minorías étnicas, reclusos, toxicómanos... Escola de formación social.

<http://www.puntomega.es>





Asociación de Ensinantes con Xitanos.

Organización de voluntarios que traballa contra a discriminación aos xitanos. Atoparás as súas publicacións e detalles das xornadas que organiza.
<http://www.pangea.org/aecgit>

DROGODEPENDENCIAS



La antidroga.

Web dedicada ao mundo das drogas, especialmente destinada ao público xuvenil e aos seus pais.
<http://laantidroga.com>

Plan nacional sobre drogas.

Páxina oficial do PNSD, con información básica sobre este, recursos, etc.
<http://www.pnsd.msc.es/>



Fundación de Axuda contra a Drogadicción.

Páxina oficial da fundación. Facilita información sobre programas preventivos, publicacións, materiais didácticos, etc.
<http://www.fad.es>

Fundación Atenea Grupo Gid.

Ofrece información sobre este grupo interdisciplinar, documentos, programas, enlaces útiles, noticias, publicacións e un boletín sobre prevención e tratamento da drogodependencia.
<http://www.ateneagrupo.org/>



Instituto para o Estudo das Adiccións e Drogodependencias,

declarado de interese polo Plan nacional sobre drogas, mención de honra Premio Reina Sofía 2000.
<http://ieanet.com>

MULLER



Malostratos.com.

Web dedicada exclusivamente a esta temática. Resulta moi útil a súa sección de enlaces.
<http://www.malostratos.com>

Servizo Galego de Igualdade.

Páxina oficial do SGI. Ofrece información sobre recursos, programas e subvencións para a igualdade.
<http://sgi.xunta.es/>



Rede de Cidades contra a Violencia cara ás Mulleres.

Interesante iniciativa de diversas cidades (maioritariamente de Madrid), constituída no 2000, co obxectivo de unir vontades políticas para loitar contra a violencia de xénero, facilita documentos, información sobre protección e recursos.
<http://www.redciudades.org>



Changobomba.

Web con información sobre drogas moi completa, actual e fiable. Ten xogos (trivial, etc.), experiencias reais, etc. Pódese consultar en inglés e en castelán.
<http://www.changobomba.com>



FIDEM.

Fundación Internacional da Muller Emprendedora. Ademais de facilitar información para a creación de empresas, facilita microcréditos, apoio psicolóxico, promoción e visibilidade, etc.
<http://www.fidem.net>



DISCAPACIDADE

ONCE.

Páxina web oficial da fundación que facilita noticias, formación, emprego, lexislación, lecer...
<http://www.discapnet.es>



CERMI.

Comité Español de Representantes de Minusválidos. Ademais de información sobre a propia entidade, facilita unha biblioteca en liña con recursos sobre discapacidade, así como un interesante directorio de enlaces web.
<http://www.cermi.es>



Cocemfe.

Confederación Coordinadora Estatal de Minusválidos Físicos de España. Aglutina a máis de 1.300 organizacións estatais e facilita programas de integración laboral, axudas a proxectos, asesoría xurídica, etc.
<http://www.cocemfe.es>



FEAPS.

Confederación Española de Organizacións a favor das Persoas con Atraso Mental.
<http://www.feaps.org>



CEAPAT.

Centro Estatal de Autonomía Persoal e Axudas Técnicas. Na súa web podemos atopar programas gratuítos que facilitan a accesibilidade da web para as persoas con discapacidade, biblioteca e un completo catálogo de axudas técnicas.
<http://www.ceapat.org>



OUTROS RECURSOS DE INTERESE

SIIS.

Centro de Documentación e Estudos é unha institución sen ánimo de lucro dedicada a actividades documentais e de investigación no ámbito da política social e dos servizos sociais.
<http://www.siiis.net>



Revista Educación y Futuro.

Revista sobre investigación aplicada a experiencias educativas.
<http://www2.cesdonbosco.com/revista>



TESEO.

Base de datos de teses de doutoramento, onde se poden atopar varias dedicadas á educación de adultos.

<http://teseo.mec.es/teseo/jsp/teseo.jsp>



REDINET.

Rede de bases de datos creada polo Ministerio de Educación e Ciencia. Pódense atopar enderezos moi interesantes.
<http://www.redined.mec.es/>



Esta sección recolle información sobre bibliografía interesante relacionada con distintos ámbitos da educación social, páxinas web de contido educativo, proxectos sociais, etc.

Por este motivo, animámosvos a participar enviando ao CEESG información que teñades da vosa man e que consideredes que sería interesante dar a coñecer.

bibliografía

A continuación ofrecémosvos unha selección BIBLIOGRAFIA A INCLUIR:


- BARBER, J. M. e CORTÈS, F.: *Trabajo comunitario, organización y desarrollo social*. Alianza Editorial.
- CARIDE GÓMEZ, J. A.: *Las fronteras de la pedagogía social*. Editorial Gedisa.
- CASADO, D. (Dir.): *Respuestas a la dependencia*. Editorial CCS.
- DE LA RED, N. e RUEDA, D.: *Intervención social y demandas emergentes*. Editorial CCS.
- GARCÍA MOLINA, J. (Coord.): *De nuevo, la educación social*. Editorial Dykinson.
- GERVILLA, E. (Coord.): *Educación familiar. Nuevas relaciones humanas y humanizadoras*. Editorial Narea.
- INGLÉS SAURA, C. J.: *Programa PEHIA. Enseñanza de habilidades sociales para adolescentes*. Editorial Pirámide.
- KARSZ, S.: *La exclusión: bordeando sus fronteras. Definiciones y matices*. Editorial Gedisa.
- MANCIAUX, M.: *La resiliencia: resistir y reharerse*. Editorial Gedisa.
- MERINO FERNÁNDEZ, J. V.: *Programas de animación sociocultural. Tres instrumentos para su diseño y evaluación*. Editorial Narcea.
- PÉREZ-CAMPANERO, M. P.: *Cómo detectar las necesidades de intervención socioeducativa*. Editorial Narcea.
- RUBIO, M. J. e MONTEROS, S.: *La exclusión social. Teoría y práctica de la intervención*. Editorial CCS.
- SÁEZ CARRERAS, J.: *La profesionalización de los educadores sociales. En busca de la competencia educativa cualificadora*. Editorial Dykinson.
- SOLDEVILA BENET, A.: *Los centros de día de las personas mayores*. Universitat de Lleida.
- VENTOSA, V. J. e MARSET, R. (Coords.): *Integración de personas con disminución psíquica en el tiempo libre*. Editorial CCS.

internet

Identidade para eles

A asociación Identidade para eles foi creada en 2002 e está formada por profesionais e voluntarios relacionados coa infancia. Na súa web están dispoñibles para consulta multitude de documentos, lexislación, informes e recursos relacionados cos dereitos dos nenos, coa prevención do maltrato aos menores...

www.cibersolidarios.com/ipe



Rayuela

Esta web, elaborada pola Liga Española para a Educación e Cultura Popular, está dirixida a nenos e nenas, dedicada especialmente a que estes coñezan os seus dereitos dun xeito divertido: a través de xogos, manualidades, cómics, adiviñas... Os máis pequenos ademais tamén poden colaborar enviando debuxos, contos, opinións, exercendo de "xornalistas" para o seu ciber-xornal...

www.rayuela.org





Facendo familias

O Mundo de Milu é un portal dirixido pola Fundación Meniños, dirixido aos máis pequenos, no que se recollen as súas achegas, propostas e comentarios e onde se lles ofrecen xogos, enlaces, libros... que lles poden interesar. Milu é a protagonista das actuacións de sensibilización de Meniños, unha nena que nos ofrece a súa historia e experiencia para dar a coñecer a situación de moitos nenos e nenas que atravesan situacións de desvantaxe social.

www.mundodemilu.org





- Non hai malas herbas nin homes malos: só hai malos cultivadores.
Victor Hugo
- O obxecto da educación é formar seres aptos para gobernarse a si mesmos e non para ser gobernados polos demais.
Spencer
- A experiencia non consiste no que se viviu, senón no que se reflexionou.
José María de Pereda
- A educación é a arte de preparar o home para a vida eterna mediante a elevación da presente.
Dupanloup
- A educación é un seguro para a vida e un pasaporte para a eternidade.
Aparisi e Guijarro
- A maior parte das xentes confunde a educación coa instrución.
Severo Catalina
- É necesario aprender o que necesitamos e non unicamente o que queremos.
Paulo Coelho
- Algunhas persoas nunca aprenden nada, porque todo o comprenden demasiado pronto.
Alexander Pope

Benvid@s

www.colexioeducadores.com

